



## **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL FERROL EN COMÚN PARA REVERTER A GRAVOSA SITUACIÓN NO TRANSPORTE PÚBLICO METROPOLITANO**

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción para revertir a gravosa situación no transporte público metropolitano.

### **Exposición de motivos**

O transporte público, de calidade e accesible, é unha garantía esencial para asegurar o dereito á mobilidade da cidadanía e permite desafogar a circulación do transporte privado.

O servizo de autocares, máis en concreto, as liñas de transporte metropolitano que realizan traxectos coma o de Ferrol – A Coruña, son unha peza clave para posibilitar os traslados habituais dos veciños e veciñas da nosa cidade ao traballo, á universidade, xestións administrativas, ocio ou consultas sanitarias, ao mesmo tempo que se potencia a redución de emisións contaminantes, contribuíndo á preservación do medio ambiente.

Neste senso, a nova concesionaria do servizo de bus que realiza o traxecto Ferrol – A Coruña non está cubrindo as necesidades da veciñanza, pois son numerosas as queixas por parte dos usuarios e usuarias nas que se fai alusión a elevada duración dos traxectos, pasando duns 40 minutos ao dobre, horarios que non se adecúan ás necesidades

laborais ou educativas e falta de prazas nos autocares, quedando xente en terra a causa de non reforzar determinados enlaces nas que a demanda é maior.

Ferrol atópase abandonado e desconectado en canto a transporte público refírese, cunha rede ferroviaria entre a nosa cidade e a veciña, deficiente e obsoleta, que non é unha opción viable nos desprazamentos entre ambas urbes. E agora atopámonos cun servizo de transporte metropolitano desenvolto baixo unhas condicións que non garanten unha mobilidade de calidade para o conxunto da veciñanza. Un decaimento sen control ao que asisten impávidos tanto a Xunta de Galicia coma o goberno de Ferrol, non amosando nin unha mínima preocupación por estas cuestións.

Ferrol e A Coruña son dúas cidades que comparten grandes vínculos sociais, laborais e educativos, polo que estimamos unha prioridade revertir a gravosa situación que está a ocorrer co servizo de transporte público metropolitano, considerando que é urxente que o nexo de unión entre ambas cidades realícese nunhas condicións de tempo, horarios e aforo nos autocares que cubran a demanda das persoas usuarias do servizo, coma víñase facendo ata o momento do cambio de concesionaria.

Por todo isto, o Grupo Municipal Ferrol en Común somete a votación a presente moción para a aprobación dos seguintes acordos:

- 1.- Que se mantenga unha reunión inmediata coa Conselleira de Infraestruturas e a Dirección Xeral de Mobilidade co fin de trasladar o malestar da veciñanza e que se efectúen as preceptivas labores de inspección e sanción, así como a corrección inmediata dos sucesivos incumprimentos do prego.

2.- Que se interpoña ante Consumo unha demanda colectiva en defensa das persoas usuarias do servizo encabezada polo alcalde de Ferrol, como é a súa labor de representación da veciñanza.

Ferrol, 23 de setembro de 2021

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común